

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

Na sociedade actual na que vivimos xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que nos permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas. A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación debe ir máis alá tratando que o alumnado desenvolva as competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución. A materia procurará educar ao alumnado na interacción co entorno dixital, cada vez máis presente na nosa sociedade, dun xeito crítico, ético e respectuoso cos demais. Non se poden esquecer os riscos derivados desta interacción, polo que o alumnado desenvolverá técnicas para preservar tanto a súa seguridade, coma a dos equipos e datos cos que traballa.

A proposta da materia contribuirá a desenvolver as competencias do alumnado, facendo que se enfrente a casos e situacións prácticas o máis semellantes posibles á vida cotiá. Deste xeito, potenciáranse as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros conquistados. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer as competencias matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. O alumnado profundizará nas técnicas de comunicación audiovisual, imprescindible na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora. A metodoloxía activa proposta, vai permitir transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais se consiga a resolución, con éxito, dos problemas e situacións propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, nun campo, o das tecnoloxías da información e da comunicación, que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Seguridade, benestar e cidadanía dixital. A etiqueta dixital	Seguridade, propiedade intelectual. Pegada dixital, etiqueta dixital	10	16	X	X	X
2	Ofimática	writer, calc, base	30	34	X	X	
3	Imaxe	Gimp	15	16		X	
4	Audio e vídeo	Audio e video	15	22		X	
5	Proxectos	Creación da documentación do proxecto dixital Realización de proxecto dixital.	15	28	X	X	X
6	Programación	Desenvolvemento e programación de aplicacións informáticas	15	24			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Seguridade, benestar e cidadanía dixital. A etiqueta dixital	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Saber identificar na maioría dos casos situacións que representan unha ameaza na Rede sabendo reaccionar entón para escoller a mellor solución entre diversas opcións.	PE	20
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.		
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo. Expoñer traballo proposto.	TI	80
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación.</li> <li>- Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede.</li> <li>- Identificación de software malicioso.</li> <li>- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos.</li> <li>- Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría.</li> <li>- Pegada dixital e protección de datos persoais na rede.</li> <li>- Etiqueta dixital.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Ofimática	34

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.	Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.	TI	100
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.	Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e xestión de bases de datos.		
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.</li> <li>- Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos.</li> <li>- Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información.</li> <li>- Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Imaxe	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas	PE	20
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas procesamento e retoque.	TI	80
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas.</li> <li>- Resolución da imaxe e almacenamento.</li> <li>- Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.</li> <li>- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Audio e vídeo	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Recoñecer técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son	PE	20
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	Utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	TI	80
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	- Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de imaxes fixas,		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias.</li> <li>- Raccord e ritmo na edición.</li> <li>- Proceso de posprodución: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.</li> <li>- Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.</li> <li>- Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música.</li> <li>- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Proxectos	28

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	PE	20
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Desenvolver proxectos dixitais, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	TI	80
CA1.2 - Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.		
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño creativo de proxectos.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información.</li> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Documentación de proxectos.</li> <li>- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Programación	24

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Identificar e analizar problemas sinxelos desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	PE	40
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos.	programar aplicacións para ordenadores, dando solución a problemas definidos.	TI	60

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado.</li> <li>- Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas.</li> <li>- Utilización de operadores.</li> <li>- Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos.</li> <li>- Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno.</li> <li>- Utilización de librerías.</li> <li>- Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles.</li> <li>- Execución, proba, depuración e documentación de programas.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Os exames realizaranse como unha ferramenta de comprobación dalgúns criterios de avaliación.

Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitarán mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dhaereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demais aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persona como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto dixital. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poda ter un enfoque máis técnico ou máis artístico-creativo segundo o grupo de alumnado.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Aula de informática
- Conexión a internet por cable e wifi
- Aula Virtual
-Recursos propios ou de libre distribución
- Kits de Robots Educativos
-Agueiro
- Recursos de Internet (vídeos, presentacións, blogues, xogos, actividades interactivas,)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio de curso realizaranse tarefas xinxelas cun procesador que se comprobarán de forma directa para facer unha estimación da competencia en xeral do grupo e de se hai algunha persoa que destaque claramente por riba ou por baixo desa estimación.

En cada unidade se comezará facendo preguntas xenéricas para coñecer o punto de partida dos e das alumnas e servir de vínculo coa materia a impartir.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	0	20	20	20	40	<b>17</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	100	80	80	80	60	<b>83</b>

### Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. SEGURIDADE, BENESTAR E CIDADANÍA DIXITAL. A ETIQUETA DIXITAL,

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase.Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 80%

CA5.2 CA5.3 CA5.5

Exames: Instrumento de Avaliación: Proba escrita 20%  
CA5.1 CA5.4

#### UD 2. OFIMÁTICA

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 100%

CA2.1 CA2.2 CA2.3

Algúns contidos poderánse avaliar con: Instrumento de Avaliación: Proba escrita.

#### UD 3. IMAXE

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 80%

CA4.1 CA4.5

Exames: Instrumento de Avaliación: Proba escrita 20%  
CA4.3

#### UD 4 AUDIO E VIDEO

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 80%

CA4.2 CA4.4 CA4.5

Exames: Instrumento de Avaliación: Proba escrita 20%  
CA4.3

#### UD 5 PROXECTOS

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 100%

CA1.1 CA1.2 CA1.3 CA1.4 CA1.5

Algúns contidos poderánse avaliar con: Instrumento de Avaliación: Proba escrita.

#### UD 6 PROGRAMACIÓN

Procedemento de Avaliación: Peso no total da UD

Tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. 100%

CA6.1. CA6.2. CA6.3.

Algúns contidos poderánse avaliar con: Instrumento de Avaliación: Proba escrita.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En caso de que algunha persoa copie nun exame ou entregue unha tarefa que non sexa da súa autoría ou a ceda para estes menesteres( sen recoñecelo) será cualificado o exame ou a tarefa cun cero. Ao longo do curso, estableceranse as datas para a realización do exame ou tarefa anulada, de ser o caso.

A cualificación da 1ª avaliación virá dada pola 80% da 1ª UD e 2/3 da 2ªUD

A cualificación da 2ª avaliación virá dada pola 10% da 2ª unidade 1/3 da segunda unidade + 3ªUD + 4ªUD

A cualificación da 3ª avaliación virá dada polo 5ªUD + 6ªUD

Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria do curso a partir das medias ponderadas das avaliacións con dous números decimais :de precisión: 30% 1ªaval + 40% 2ªaval + 30% 3ªaval

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso: nota obtida na proba obxectiva de recuperación extraordinaria, realizada no ordenador.

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba obxectiva de recuperación extraordinaria no ordenador, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso 2023/2024 non hai ningún alumno/a nestas circunstancias. En previsión de que poida incorporarse ao centro algún alumno/a con estas características queda establecido un

Plan de Traballo

Este plan de traballo ofertase dende o departamento de Tecnoloxía para aqueles estudantes coa materia suspensa que queiran recuperala sen ir o exame extraordinario de maio. É, por tanto, voluntario por parte dos estudantes. Con este plan tratarase de que se recupere a materia ó longo do curso seguindo as instrucións que se explicitaran.

O esquema que seguira este plan de traballo será o mesmo para tódolos cursos cambiando unicamente os contidos mínimos e os criterios de avaliación que serán os correspondentes a cada nivel.

O plan de traballo será realizado polo xefe de departamento departamento

Esquema:

Entrega dun caderno de exercicios para a realización do mesmo fora do instituto. Este caderno dividirase en dúas partes con distintos prazos para a súa realización. No caderno iran os obxectivos a cubrir así coma as actividades a realizar polo alumnado.

- Controis periódicos do plan de traballo que consistiran na entrega na aula virtual para súa corrección.

- Exame (ou si é necesario proba práctica) de cada unha das partes do caderno, dúas probas ó longo do curso.

Avaliación do plan de traballo

O plan de traballo será avaliado polo xefe de departamento. Para recuperar a materia pendente será necesario entregar as actividades correctamente realizadas así como acadar un cinco como mínimo en cada unha dos exames (ou prácticas si as houbera)

Datas do Plan de Traballo:

Outubro: entrega do caderno por parte do profesor/a ó alumnado

Novembro: primeiro exame

Febreiro: 2º exame

Abril: 3º exame

Proba Extraordinaria:

Todo o alumnado ten dereito a unha proba extraordinaria no mes de Maio.

Os criterios de avaliación e os obxectivos de esa proba son os mesmos que para o plan de traballo e correspóndense cos criterios de avaliación e obxectivos mínimos de cada curso

A realización e a corrección da proba serán levados a cabo polo xefe de departamento A data da proba extraordinaria será determinada pola dirección do centro

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

### 6. Medidas de atención á diversidade

#### DECRETO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ordinarias: sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación (adaptación non significativa do currículo)

Extraordinarias: adaptacións significativas do currículo (autoriza IE)

- Adaptacións curriculares

- Agrupamentos flexibles

- Apoio PT/AL

- Flexibilización do período de escolarización

- PDC - PMAR

- FP Básica

- Atención domiciliaria

- Estranxeiros: grupos de adquisición de linguas e adaptación da competencia curricular

Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG 21-12)

Orden del 8 de septiembre de 2021

- AC Adaptacións curriculares: modifica obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, require autorización IE

- RE Reforzo educativo: proceso ordinario co profesor

Orde do 6-10-95 regula adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7-11)

IE comproba: comisión xefe de estudos, titor, profesores+ conformidade de pais+ documento de adaptación curricular: datos persoais-físicos-psicosociais-sociofamiliares-escolares-pedagóxicos-profesorado participante

- Desdobramentos 1h/sem. Ciencias, Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua estranx.

Orde do 1-8-97 desenvolvemento ROC (Art. 71- h)

- Agrupamentos flexibles

- Fragmentación de 3º e 4º ESO

- Flexibilización idade na etapa

Orde 27-12-02 criterios escolarización para alumnado nee (DOG 30-1-03)

- Grupos de adquisición de linguas (max 1 trim.)

- Grupos de adaptación da competencia curricular

Orde do 20-2-04 medidas de adaptación estranxeiros (DOG 26)

- Enriquecemento para altas capacidades

- Flexibilización da idade

Orde do 28-10-96 flexibilización de sobredotación (DOG 28-11)

- Desdobramentos en linguas e matemáticas

- Reforzo educativo en linguas e matemáticas

- Integración materias en ámbitos en 1º ESO

- Exención de francés

Orde 6-9-07 desenvolve ESO (DOG 12)

Resolución 27-7-15 (DOG do 29)

Materias optativas

Decreto 133/2007 ESO. Decreto 86/2015

Programas Diversificación Curricular (Autoriza IE)

- Ámbitos lingüístico e científico tecnolóxico (max 5-10)
  - Materias comunes en grupos de referencia
- Orde de 30-7-07 regula PDC (DOG 21-08)  
IE comproba antes do 5 setembro:  
proposta titora a DO+ informe DO+ Comision xefe estudos, DO, titor+ opinión de pais  
Grupo 5-10 alumnos

Programas de Mellora de Aprendizaxe e do Rendemento/PMAR (Autoriza IE)

- Ámbitos lingüístico e social, científico tecnolóxico e linguas estranxeiras (max 5-10)
- Materias comunes en grupos de referencia

Decreto 86/2015 e Resolución 27-7-15  
2º e/ou 3º ESO  
Dificultades de aprendizaxe con esforzo  
Cursa 1º ou 2º ESO e repite. Cursa 3º repite  
Informa equipo docente, ditame DO, oídos país e alumnado. Proposta a IE.

En canto as medidas de atención a diversidade segundo o departamento de Orientación do centro temos as seguintes medidas como recomendadas especificamente para alumnado que este curso recibe clase por parte do departamento:

Polo que respecta ao noso centro especificamente, para atender as necesidades detectadas polos equipos docentes unha vez realizada a avaliación inicial, propóñense as seguintes medidas de acordo ao citado decreto:

#### 1.- MEDIDAS ORDINARIAS (Sección 2ª. Artº 8 p.2)

1.1.- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación dirixidos a alumnos e alumnas que están diagnosticados de TDAH e DISLEXIA; seguimos o protocolo de actuación:

##### PAUTAS E ESTRATEXIAS PARA BENEFICIAR O ALUMNADO CON TDAH

O alumno/a debe de estar sentado cerca da mesa do profesor/a.

¿ Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.

¿ Permitir máis tempo para realizar os exames.

¿ Os exames escritos completalos con exames orais, cando se observa que están incompletos, e sempre que sexa doado

¿ Cada enunciado só terá unha pregunta.

¿ Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.

¿ Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.

¿ Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.

¿ Controlar o tempo do exame, cada 10 ¿ 15 minutos, o que axudará a que xestionen e organicen mellor os tempos en cada actividade.

¿ Supervisar que o alumno/a revise o exame antes de entrego.

##### RECOMENDACIÓNS

###### DISLEXIA

Esta AC tería por obxectivo proporcionar ao alumno/a as ferramentas metodolóxicas e de acceso necesarias polo trastorno de aprendizaxe que presenta.

#### 1.- DITADOS:

-Contemplan a posibilidade de que o alumno poida realizar o ditado a ordenador.

- Ditados preparados.

- Corrixir unicamente as faltas de ortografía que fagan referencia á regra ortográfica que nese momento se estea traballando.

- Non se aconsellan os ditados realizados en audio (gravacións) nos que non se poida graduar a velocidade nin as pausas.

- Non é aconsellable que o alumnado afectado copie de novo un ditado por realizar varios erros ortográficos.

- A copia sistemática de palabras incorrectas non beneficia á integración da ortografía natural nin arbitraria.

#### 2.- COPIADOS:

- Reducir a cantidade de texto a copiar.
- Non utilizar frecuentemente como estratexia para reforzar a lectura e a escritura.
- Se o alumno presenta unha disgrafía asociada (Como características disgráficas sináanse dous tipos de síntomas: os denominados signos secundarios globais, comprenden a postura inadecuada, soporte incorrecto do instrumento (lapis, bolígrafo, etc.), mala presión deste ou velocidade de escritura excesivamente rápida ou lenta. Por outra parte, os síntomas específicos, poñen a súa atención en elementos do propio grafismo como gran tamaño das letras, letras inclinadas, deformes, excesivo espazado entre letras ou moi apiñadas, enlaces indebidos entre grafemas, letras irrecoñecibles e, en definitiva, texto de difícil comprensión) permitir que os copiados se fagan no ordenador.

### 3.- LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIOS:

- Reducir a cantidade, libros máis sinxelos, menos extensos,...adequados ao seu nivel lector e moito mellor se o pode elixir o alumno/a xa sexa a través de cómics, revistas ou libros; se o material que se lle ofrece, está por enriba das súas posibilidades, o único que conseguiremos, é alimentar a súa fobia e a súa frustración en relación á lectura.
- Avaliar a través de traballos previamente estruturados ou da entrega dos resúmenes por capítulos.
- Evitar a realización de exames escritos dos mesmos.

### 4.- EXAMES

- Aumentar o tamaño da letra.
- Aumentar o interliñado.
- Fragmentar o texto en pequenas partes e intercalar preguntas de comprensión con outras de numerar; preguntas curtas coas de libre elección...
- Evitar preguntas de resposta aberta.
- Realizar unha lectura previa do exame.

### 5.- AVALIACIÓN:

- Permitir que o alumno/a responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre o castelán e o galego e non penalizalo por elo.
- Evitar a corrección en vermello.
- Evitar a corrección sistemática de todos os erros, faltas de ortografía, na súa escritura.
- Presentar as preguntas do exame por escrito (non ditar).
- Evitar que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación
- Ofrecer alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, exame tipo test...
- Avaliar as tarefas, probas, traballos ou exames en función do seu contido. As faltas de ortografía non deben influír na avaliación dos mesmos.
- Nas probas escritas asegurarnos de que comprendeu o enunciado de todas as preguntas. Despois de 5 ou 10 minutos de empezar o exame, é aconsellable preguntarlle se ten algunha dúbida e animarlle a preguntarnos se non entende ó longo do exame.

### 6.- RECURSOS:

- O ordenador é unha ferramenta das máis útiles, sobre todo en alumnado que presenta disgrafía e que a súa escritura se ve gravemente afectada e pode chegar a ser ilexible. Sempre que sexa posible, débese aceptar o uso do mesmo para realizar as tarefas.

1.3.- Os programas de recuperación para alumnos e alumnas que repiten ou que pasaron de curso con obxectivos non conseguidos.

1.4.- Programas de enriquecemento curricular dirixido a alumnos e alumnas diagnosticados de Altas Capacidades co fin de proporcionarlle ferramentas para que amplíe, afonde ou investigue sobre temas relacionados coas súas aptitudes sobresaíntes.

2) MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Sección 2ª, Artº 9 do Decreto 299/2011, do 7 de decembro): Medidas que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo.

2.1.- Alumnado con dificultades a nivel motórico e con mobilidade reducida: presentan unha necesidade educativa permanente e para dar unha resposta correcta é necesario introducir axudas pedagóxicas de carácter persoal, material e técnico co obxectivo de acceder á súa aprendizaxe, coñecendo o seu entorno e as experiencias que poden

levarse nel.

A resposta educativa do centro é ofrecerlle as adaptacións que se deben realizar para así proporcionar a atención máis apropiada ás necesidades que precisen:

2.1.1.- Adaptación nos elementos de acceso persoais ( profesoras especialistas de PT e AL apoiando na aula ordinaria e apoios individualizados nalgunha materia do currículo coordinándose co profesorado das mesmas) recursos e materiais necesarios, como o uso do ordenador táctil en todas as materias, Ipad, mesas con escotadura...

2.1.2.- Adaptación nos elementos básicos do currículo referidos ás modificacións de obxectivos, contidos, estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliacións: realización de Adaptacións Curriculares naquelas materias que o precisen.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial						X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X				X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X			X	
ET.9 - Creatividade		X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X		X	X		
ET.11 - Formación estética		X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X				X	
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

### Observacións:



Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia	Saídas didácticas relacionadas coa materia	X	X	X

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Consello Escolar do centro.

Para cada actividade complementaria indícanse as seguintes características:

- Obxectivos.
- Profesorado.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Do proceso de ensino
1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Da práctica docente
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.

12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

**Descrición:**

Ecala de 1 a 4

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación

**9. Outros apartados**